

Operación Masacre

En 1957 un escritor e xornalista arxentino de apenas trinta anos publica un libro que se adianta en anos ao denominado novo periodismo, o que conta con técnicas literarias sucesos reais.

RODOLFO WALSH | LIBROS DEL ASTEROIDE | 248 PÁX. | **17,95 €**

A aparición de “Operación Masacre” é un fito na narrativa de denuncia e fixo de Rodolfo Walsh un referente. Agora aparece unha nova edición deste clásico a cargo de Libros del Asteroide, na edición de 1972 cando xa Walsh fai referencia ás anteriores. Partindo do comentario nun bar, “Hay un fusilado que vive”, o escritor e xornalista cultural abandona a súa torre de marfil para comezar unha investigación que compromete ao goberno militar do seu país que vén de derrocar ao xeneral Perón. Cun insólito dominio da información e do xeito de amosala, Walsh relata como un grupo de xente que se xunta nunha casa para escoitar a radio é confundida con perigosos conspiradores. Son levados a un vertedoiro onde son fusilados: se non fose tan tráxico semellaría unha broma chocalleira do destino como aquel chiste de Gila: “Eu non son coxo, é que me fusilaron mal”, e parte do grupo fuxe. Walsh relata con mano mestra o sucedido antes e despois do fusilamento. O espléndido prólogo de Leila Guerriero contextualiza a obra e a metamorfose do seu autor, vítima cos anos dunha nova ditadura militar.